

7.- MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS

CIENCIAS DA NATUREZA 4º

CRITERIO	MÍNIMO
CNB1.2.1.	Estabelece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.
CNB1.2.2.	Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.
CNB2.1.2.	Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.
CNB2.2.1.	Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.
CNB2.2.3.	Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
CNB2.3.3.	Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.
CNB3.1.1. CNB3.1.2.	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados e prantas do seu contorno, con criterio científico.
CNB4.1.1.	Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.
CNB4.1.2.	Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.
CNB4.2.2.	Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.
CNB5.1.2.	Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.

CIENCIAS SOCIAIS 4º

CRITERIO	MÍNIMO
CCB1.3.2.	Expón oralmente e por escrito de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifestan a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.
CSB2.4.1.	Identifica e clasifica distintos tipos de mapas, define que é a escala nun mapa, o seu uso e emprega e interpreta os signos convencionais básicos que poden aparecer nel.
CSB2.5.3.	Interpreta e elabora sinxelos mapas meteorolóxicos distinguindo os seus elementos principais.
CSB2.6.2.	Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas .
CSB2.8.1	Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas.

CSB2.8.2	Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.
CSB2.9.1	Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.
CSB3 3.1	Explica a organización territorial de España e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.
CSB4.1.2	Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.
CSB4.3.1.	Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C ou d.C
CSB4.4.2	Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.
CSB4.5.1.	Identifica o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico da contorna e de Galicia

MATEMÁTICAS 4º

CRITERIO	MÍNIMO
MB 1. 1	Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
MB 1.1 MB 2.4 MB 3.6 MB 4.6	Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto.
MB 1.3	Iníciase na utilización da calculadora, para a realización de cálculos numéricos, para aprender a resolver problemas.
MB 2.1	Le, escribe e ordena números ata o 10.000.
MB 2.3	Realiza cálculos numéricos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados. Realiza cálculos numéricos coa operación da división na resolución de problemas contextualizados.
MB 3.1	Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.
MB 3.2	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple.
MB 3.5	Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situacións reais como figuradas.
MB 5.1	Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.

LINGUA GALEGA/CASTELÁ E LITERATURA 4º

CRITERIO	MÍNIMO
LCB1.3.	Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación: Diálogos

	Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.
LCB1.5.	Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.
LCB1.7.	Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
LCB2.1.	Le sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.
LCB2.2.	Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
LCB2.3.	Utiliza de forma autónoma o dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.
LCB3.1.	Escrebe, en diferentes soportes, textos sinxelos do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). Escrebe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.
LCB3.3.	Reproduce axeitadamente textos ditados sinxelos.
LCB3.4.	Emprega, de xeito guiado e seguindo modelos, estratexias de planificación, textualización, revisión e corrección do texto.
LCB4. 1	Coñece e reconece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo dos verbos ao producir textos orais e escritos.
LCB4. 2	Utiliza diversos conectores básicos entre oracións ao producir textos orais e escritos. Reconece a oración simple, distingue suxeito e predicado.
LCB4. 3	Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.
LCB4. 4	Utiliza as diferentes clases de palabras para elaborar o discurso. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e de número na expresión oral e escrita. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
LCB5.1.	Coñece as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 4º

CRITERIO	MÍNIMO
VSCB1.1.	Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demais persoas. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias cualidades e limitacións.
VSCB1.2.	Razona o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas.
VSCB1.3.	Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e a resolución de conflitos, de xeito guiado. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas
VSCB1.4.	Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos. Asume as súas responsabilidades .Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.
VSCB1.5.	.Emprega estratexias para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao seu fracaso.
VSCB1.6.	Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.
VSCB2.3.	Amosa interese polos seus interlocutores.
VSCB2. 8	Forma parte activa das dinámicas do grupo. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.
VSCB3.1	Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.
VSCB3.2.	Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe. Emprega axeitadamente estratexias de axuda entre iguais. Respecta as regras durante o traballo en equipo.Emprega destrezas de interdependencia positiva.
VSCB3.5.	Argumenta a necesidade de protexer os dereitos básicos da infancia.
VSCB3. 6	Expón verbalmente a correlación entre dereitos e deberes.Expón mediante traballos de libre creación as conclusións da súa análise crítica das diferenzas na asignación de tarefas e responsabilidades na familia e na comunidade escolar en función do sexo.
VSCB3.8.	Propón iniciativas para participar no uso adecuado de bens naturais razoando os motivos.

8.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua en canto estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, deste modo, adoptar as medidas necesarias que permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias claves para continuar o proceso educativo.

Os procedementos de avaliación empregados serán de diversa natureza:

- Escritos: (Tarefas de clase, tarefas de casa, Caderno da materia, Actividades de avaliación, Traballos de grupo,)

- Oraís: (Preguntas individuais e grupais., Participación do alumno/a. Intervencións na aula. Postas en común, Probas oraís individuais, Exposicións oraís.)

- Observación sistemática: (ficha individual, escalas, rexistros de incidencias, rexistros anecdóticos...)

Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.

9.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos e técnicas a empregar na avaliación do alumnado e da propia acción docente –autoavaliación- responderán aos procedementos antes citados:

- Probas escritas: pode ser calquera proba que recolle a información nun texto de forma escrita: Exames, Ditados, Controis diarios, Fichas de repaso, Redaccións...
- Probas lectoras: trazamos unha proba na que o neno ten que ler un texto dunha extensión adecuada á súa idade, para despois traballar en torno a el: Lecturas compartidas, Voz baixa, Empregando todos o mesmo texto ou textos diferentes, Lectura en voz alta, Lectura cooperativa...
- Probas oraís: probas puntuais nas que se pide unha información de extensión variable empregando como medio preferente a expresión verbal pola vía oral: Exposicións, Dramatizacións, Rol-playing, Presentacións, Chistes, Contacontos, Faladoiros, Debates, Charlas...
- Tarefas finais (competenciais): conxunto de exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao entorno cotián. Nel se require o manexo de diversas habilidades para resolver problemas en entornos relevantes de forma autónoma: Debates, Dramatizacións, Contacontos, Feiras, Investigacións, Construción de máquinas simples, Enquisas, Viaxes virtuais...
- Caderno de clase: recolleremos información tamén de forma puntual do caderno para valorar distintas actividades, así como a organización e limpeza do mesmo.
- Observación diaria: valoración do traballo de cada día, moi empregado para calibrar hábitos e comportamentos desexables.

- Tarefas para casa: Serán encomendadas pequenas tarefas de repaso do aprendido en clase, ben coa intención de profundizar ou ampliar os contidos. Serán consideradas actividades que non impliquen un excesivo tempo de traballo fóra da aula por parte do alumno.

10.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

LC, LG, CM, Mates	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Probas específicas, controles orais, escritos, test,...	10%	15%	30%	40%	50%	50%
-Participación na clase -Intervencións -Participación en actividades complementarias -Actitudes e comportamentos -Presentación de cadernos (limpeza, orde, presentación) -Traballos entregados ou expostos.	30%	40%	30%	30%	25%	25%
Revisión de actividades do libro e cadernos de traballo, deberes	60%	40%	30%	20%	15%	15%
Lectura de libros, hábito lector,...		5%	10%	10%	10%	10%

11.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial será facilitadora da valoración de coñecementos previos, capacidades e actitudes do alumnado, co obxecto de adecuar o proceso de E-A a realidade das súas posibilidades e de valorar se cómpre algún tipo de reforzo ou ampliación.

Avaliaremos os niveles de competencia matemática e socio lingüística mediante os seguintes **instrumentos**:

- Observación sistemática de todas as manifestacións dos alumnos que nos permitan ter un coñecemento axeitado dos mesmos.

- Análise das producións do alumnado: resumos, traballos, cadernos, textos escritos.
- Intercambios orais co alumnado: diálogo, entrevista, asembleas...
- Probas específicas: obxectivas, cuestionarios, resolución de exercicios ou tarefas enviadas para ser feitas ou rematadas na casa.

O equipo de profesores que traballan con este curso reunirse o primeiro martes de outubro para comentar os resultados de dita avaliación